



Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Finalidades do tratamento

Os datos persoais facilitados a través dos formularios do centro (folla de actualización de datos, proceso de matriculación, desenvolvemento do curso académico...) serán tratados coa finalidade de xestionar a actividade educativa e orientadora e a avaliación do alumnado, e formarán parte do expediente académico de cada alumno/a conservándose de forma indefinida con fins de arquivo.

Os datos relativos a categorías especiais detallados no artigo 9.1 do Regulamento xeral de protección de datos que poidan recollese serán tratados tamén, no seu caso, para o exercicio da función educativa e orientadora e conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recadaron.

Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo CEIP Plurilingüe de Vite.

Lexitimación para o tratamento

Cumprimento obrigación legal e dunha misión realizada en interese público con base no disposto na [Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#).

Para a recollida e tratamento de datos non amparados polas referidas disposicións solicitarase a autorización previa do alumnado ou no seu caso dos seus pais/nais/titores/as, como, por exemplo, no caso do tratamento de imaxes para aquelas finalidades que non sexan estritamente necesarias dentro da actividade educativa.

Consentimento outorgado polo/a interesado/a.

Destinatarios/as dos datos

Administracións públicas locais, estatais e autonómicas cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias. Poderanse comunicar así mesmo os datos persoais imprescindibles ás empresas subministradoras de servizos no centro.

As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados na correspondente autorización.

Exercicio dos dereitos

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. *Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.*

Contacto delegado/a protección de datos e información adicional

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



Normativa aplicable

A principal normativa de referencia en materia de protección de datos de carácter persoal vén constituída polas seguintes normas:

Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE – Regulamento xeral de protección de datos (en diante, RXPD).

Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD).

Porén, ademais das devanditas normas, no que respecta ás medidas de seguridade aplicables haberá que aterse ao disposto no Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. Tamén mantén a súa vixencia, en todo o que non se opoña á nova normativa o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

Ademais da normativa específica de protección de datos, hai diferentes normas sectoriais que conteñen disposicións nesta materia e que resultan tamén de aplicación. Poden destacarse as seguintes:

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en diante, LOE).

Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (en diante, LOPXM).

Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).

Finalmente, a nivel autonómico, debe terse en conta tamén:

Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 4 de maio de 2018 pola que se lle dá publicidade á modificación da política de seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Protocolo de Protección de Datos Persoais publicado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia en 2022.